

Tema 2. Parte I. O problema do coñecemento.

1. A natureza do coñecemento.

No tema anterior vimos como podíamos clasificar á filosofía en distintas ramas. Unha delas era a **teoría do coñecemento**, a cal se pregunta, entre outras cousas, por como se desenvolve o proceso que nos leva a formar conceptos e a dar conta do mundo; cando podemos saber que os nosos xuízos son verdadeiros; se existen límites á hora de coñecer; etc.

Unha das primeira cuestións que nos debemos facer como filósofos e filósofas á hora abordar o problema do coñecemento é a que indaga sobre a súa **natureza**. Esta pregunta transcende á filosofía, xa que na actualidade é un dos temas centrais de ciencias como a psicoloxía ou a neuroloxía. Con todo, é na nosa disciplina onde a podemos atopar formulada dun xeito explícito por primeira vez.

Pensemos na conduta de calquera animal, sexa este humano ou non. Podemos pensar que o seu comportamento é un conxunto de **respostas** ao medio que o rodea. Unha gacela, por exemplo, comeza a correr para fuxir do seu depredador en canto se dá conta de que este está axexando. Pero esta resposta está programada na gacela (no seu código xenético) ou é algo que aprende co paso do tempo? Este exemplo, aínda que pareza infantil, serve para afondar no debate que filósofos, psicólogos e outros especialistas mantiveron ao respecto da natureza dos nosos coñecementos, buscando determinar se a súa natureza era **innata ou adquirida**.

Por **innato** referímonos a aquilo que está dado no individuo previamente a toda aprendizaxe. Así, por exemplo, os instintos animais e mesmo humanos poden considerarse innatos, xa que son froito da evolución e están determinados polos nosos xenes. Por **adquirido** entendemos a todo aquilo que se aprende por influencia do medio que nos rodea. Os seres humanos aprendemos unha serie de normas e valores que poden variar dependendo do noso contexto cultural, relixioso ou mesmo político.

Probablemente xa teredes relacionado o debate entre o innato e o adquirido con dúas das correntes filosóficas modernas estudadas na unidade anterior: o **racionalismo** e o **empirismo**. Os racionalistas como Descartes intentaban buscar unha serie de principios ou verdades evidentes, indubidables, a partir das cales construír o edificio do coñecemento. Se o coñecemento é como unha gran árbore (metáfora empregada por

Descartes) o primeiro ao que debemos definir son as súas raíces. Os racionalista desconfiarán dos datos dos sentidos xa que a experiencia pode enganarnos e sempre podemos cuestionala. Descartes e outros racionalistas afirmarán que eses principios ou verdades (as raíces da árbore) son innatos, é dicir, están dadas na nosa mente, **só precisamos dun método para chegar a eles**. Por outra banda, os **empiristas** como Locke ou Hume posicionáronse en contra dos racionalistas, criticando a idea de que existisen ideas ou principios innatos. Para o empirismo **todo o noso coñecemento comeza coa experiencia**. A nosa mente é como unha táboa en branco sobre a que a experiencia deixa a súa pegada e todos os contidos da nosa mente teñen a súa orixe nos datos que a experiencia nos aporta.

Na actualidade considérase que precisamos de ambos puntos de vista. Efectivamente hai elementos innatos nos seres humanos pero tamén necesitamos da experiencia que adquiridos de todo aquilo que nos rodea para desenvolvernos. Un exemplo atopámolo ao analizar como os seres humanos aprendemos unha linguaxe. O lingüista norteamericano **Noam Chomsky** considera que todo individuo ten, de xeito innata, unha sorte de gramática universal, común a todas as linguas e gravada na mente dende o momento no que nace, o cal sería algo innato. Pese a isto, dependendo de onde se críe esa “gramática” dará lugar á aprendizaxe dun idioma ou outro: chinés, galego, castelán, etc. Dependendo do medio, do entorno, falará unha lingua ou outra.

2. A diferenza entre coñecer e saber.

Aínda que habitualmente se empregan como sinónimos é necesario sinalar as diferenzas que existen entre os termos “**coñecer**” e “**saber**”. O coñecer baséase na percepción, por exemplo, “a miña gata coñéceme a min”. Ela distíngueme do resto de seres humanos, “coñéceme” como o seu amo pero non “sabe” que son o seu amo. Así, fronte ao coñecer, o **saber** precisa de xustificación. Non tería sentido que me pediran que xustificase que “coñezo aos meus alumnos” pero sí que me pedisen xustificar a miña afirmación de que “foi Brais o que me copiou no exame de filosofía”. A estas razóns ou xustificacións chamámolas **argumentos**, aquilo que nos permite **xustificar e demostrar** os motivos polos que sabemos aquilo que sabemos.

3. Opinión, crenza e coñecemento verdadeiro.

A partir de agora empregaremos o termo “coñecemento” de xeito xeral e reservaremos a palabra “saber” para un tipo de coñecemento, máis forte, que poidamos clasificar como **verdadeiro**.

Deste xeito, podemos distinguir tres graos básicos do coñecemento:

- **Opinión:** un estado de coñecemento no que o suxeito considera algo como verdadeiro **pero sen ter seguridade obxectiva** (non o pode xustificar nin demostrar) **nin subxectiva** (non ten unha certeza total, polo que non pode afirmar absolutamente o seu convencemento)
- **Crenza:** cando o suxeito está **plenamente convencido** de que o que pensa é verdadeiro, pero non pode xustificalo obxectivamente.
- **Saber ou coñecemento verdadeiro:** cando as nosas afirmacións pódense xustificar e polo tanto fundamentar tanto subxectiva como obxectivamente. É dicir, **existen razóns para afirmar algo e, polo tanto, a convicción plena de que tal cousa é verdade.**

Vexamos isto con varios exemplos. Cando debatemos con algún compañeiro pero non estamos plenamente seguros de que as nosas afirmacións sexan verdadeiras dicimos que estamos a dar unha opinión: “eu opino que”, “na miña opinión”, etc. Dicimos isto porque non temos a convicción absoluta de que a nosa afirmación sexa certa e tampouco podemos xustificala ou demostrala como verdadeira.

Pensade agora nunha persoa moi devota. Esa persoa pode crer no seu deus pero se lle preguntamos pola xustificación da súa crenza probablemente apele á súa fe. Fronte a isto, autores como David Hume declaráronse agnósticos xa que non podían demostrar a existencia ou inexistencia dun ser superior.

Poñamos agora o exemplo da COVID-19. Hai quen afirma que non existe. Pode demostralo? Non. Se está convencido de que o virus non existe pero non pode probalo o seu coñecemento quédase en crenza. Pola contra un epidemiólogo pode demostrar e xustificar no seu laboratorio que o virus é real pero ademais, con moitos anos de estudo e traballo, calquera de nós pode chegar á mesma conclusión. O científico **sabe** que a COVID-19 existe.

4. Dedución , indución e intuición.

Cando coñecemos facémolo a través de conceptos. Eu identifico o que é un autobús concreto a primeira porque na miña mente atópase o concepto “autobús” e establezo unha relación. Pero, como se chegan a formar conceptos como “ser humano”, “mesa” ou mesmo “xustiza” e “liberdade”? Para isto temos que explicar que se entende por **dedución, indución e intuición**.

Un exemplo de dedución pode ser o seguinte: 1) Todos os homes son mortais; 2) Sócrates é un home; C) Logo, Sócrates é mortal. Isto é o que se coñece como **siloxismo**, un tipo de argumento dedutivo. Coñecer algo por dedución é chegar a concluir algo a partir dunhas premisas, se estas son verdadeiras a conclusión tamén o será. Pensade nas matemáticas; estas parten de axiomas, uns principios básicos verdadeiros e incuestionables os cales non precisan de demostración (como principio de identidade: $A=A$) A partir deses axiomas podemos **deducir** as regras matemáticas propias desta ciencia.

En definitiva podemos dicir que a dedución permítenos ir dende un concepto xeral, como pode ser “autobús”, ata os casos particulares que dito concepto engloba. Primeiro deberemos coñecer o **universal** para logo chegar ao **particular**. Autores como Descartes e outros racionalistas posicionáronse a favor deste método.

Por outro lado temos a **indución**, a cal consiste en ir do particular ao xeral ou universal. Se vexo dez mil cisnes brancos podo afirmar “todos os cisnes son brancos”, podo chegar ao concepto xeral a través dos casos particulares. Cal é o problema disto? Que basta con que apareza un cisne negro para tirar por baixo a universalidade do concepto. O problema da indución é que nunca pode chegar a formular, de xeito definitivo, un concepto universal, xa que nunca poderei observar todos os casos particulares que existen e existirán no futuro.

Para rematar temos a **intuición**. Coñecer por intuición sería chegar unha idea ou principio sen necesidade de demostración e de xeito seguro e indubidable. Platón, por exemplo, aseguraba que as ideas eran coñecidas intuitivamente unha vez chegábase a elas. De novo, Descartes, argumentou que a existencia dun “eu pensante” é intuitiva, pois se dubido é porque necesariamente estou a existir (“penso, logo existo”)

4.A abstracción.

No apartado anterior falamos da **indución** como o proceso polo cal se forman os conceptos. Segundo esta, a partir dos individuos ou cousas particulares chegamos a elaborar un concepto xeral. Se eu observo cinco mesas, a partir da experiencia das mesmas son quen de formar o concepto “mesa”. Pero, por que? Que acontece na miña mente cando chego a este concepto xeral dende o particular e concreto? Podemos dicir que o que estamos a facer é **abstraer** o común que hai en todas esas mesas. Hai quen considera que o conxunto de características comúns que comparten os individuos dun mesmo tipo e que abstraemos mentalmente conforman a “**esencia**” de ditos obxectos. É dicir, C.Tangana, Benzema e Beбето son individuos distintos. Ata aí, todo correcto. Pero é que ademais comparten a mesma esencia, xa que comparten unha serie de características comúns que definen o que son, a súa esencia: **humanidade**. Non son cans nin gatos, senón seres humanos.

Para os esencialistas aquilo ao que refire todo concepto existe, é dicir, a **esencia** das cousas ten unha existencia real **separada; á marxe da nosa mente**. Todas as mesas teñen en sí mesmas a esencia “**mesa**”, a “**meseidade**”, e esta existe independentemente de nós. Tendo isto en conta coñecer algo non será máis que coñecer **a súa esencia** (a través da abstracción)

Fronte aos **esencialistas** atopamos aos **nominalistas**, os cales negan que a **esencia exista**. O único que existe son os individuos particulares, concretos. Sómos nós os que os agrupamos e clasificamos á nosa conveniencia e, por iso, os obxectos poderían estar agrupados doutro xeito. Básicamente formamos os grupos seguindo o principio de economía: cantos obxectos existen na natureza? Moitísimos. Se tivésemos un concepto de cada un deles sería imposible recordalas todos e operar con eles. Así, agrupámos aos obxectos: en base a distitnos criterios: a todos aqueles con raíces, troncos e ramas chamámoslos “árbores”. Os nominalistas **radicais** afirman que o criterio para agrupar aos individuos pode cambiar, os **moderados**, pese a negar tamén que as esencias existan por sí mesmas, dirán que é a semellanza entre os individuos particulares a que fai que “xurda” un concepto na nosa mente (pero ningunha esencia ou universal existe á marxe dela): todos os individuos da aula parecémonos? Sí. Somos “seres humanos”, o concepto englobáanos a todos pero nunca refire a unha esencia real que exista a marxe da nosa mente.